

## ATENCIÓN AO ALUMNADO CON MATEMÁTICAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de Matemáticas pendentes de cursos anteriores, o Departamento de Matemáticas establece o seguinte:

- Realizaranse catro probas ó longo do curso: **una proba antes de cada unha das tres avaliacións e unha proba final antes da avaliación final**, de acordo á distribución da materia abaixo indicada.
- As datas e distribución da materia estarán expostas no taboleiro do Departamento de Matemáticas.
- Farase un seguimento individualizado con boletíns de exercicios. Neles, o/a alumno/a terá que demostrar os coñecementos e competencias adquiridas cunha correcta presentación e linguaxe adecuada.
- Os exercicios deses boletíns servirán para a preparación dos exames de pendentes.
- Os boletíns serán entregados ao profesor/a do curso actual.
- Somentes serán válidas as tarefas presentadas no prazo indicado e seguindo as directrices de presentación.
- O boletín poderá chegar a ter un peso do 20% no total da nota da avaliación.
- A cualificación final de maio será a media aritmética dos resultados obtidos en cada avaliación.
- Como última oportunidade, haberá un exame final en xuño, ao que se poderán presentar todos os alumnos que non teñan a materia aprobada nese momento. A cualificación nesta convocatoria será en base a ese exame final.
- **O feito de aprobar a materia do curso actual non implica o aprobado na materia pendente.** No caso de que un/ha alumno/a estivera nesa situación e cumpla as seguintes condicións:

\*entregar as actividades,

\* presentarse aos exames

\* sacar unha media de 3 ou máis;

reunirase o Departamento e decidirá por maioría se pode aprobar a materia pendente.

- O exame poderá redactarse en calquera das linguas oficiais.

## 1º de ESO

PARCIAL	CONTIDOS	DATAS EXAMES
1º	-Números naturais. Divisibilidade -Números enteiros -Potencias e raíz cadrada. - Fraccións.	16 Novembro de 2023
2º	<u>2º ESO B / 2º ESO D / 2º ESO E</u> Álgebra	22 Febreiro de 2024
	<u>2º ESO A / 2º ESO C</u> Estatística e Probabilidade	7 Marzo de 2024
3ª	<u>2º ESO B / 2º ESO D / 2º ESO E</u> Estatística e Probabilidade <u>2º ESO A / 2º ESO C</u> Álgebra	25 Abril de 2024
FINAL		30 Maio de 2024

## 2º ESO

PARCIAL	CONTIDOS	DATAS EXAMES
1º	1.- Divisibilidade. Números enteiros 2.-Fraccións e decimais. 3.-Potencias e raíces 4.-Proporcionalidade.	16 Novembro de 2023
2º	5.-Expresións alxébricas. 6.-Ecuacións de 1º e 2º grao. 7.-Sistemas de ecuacións lineais. 8.-Funcións	22 Febreiro de 2024
3º	.9.-Medidas. Teorema de Pitágoras 10.-Semellanza. 11.-Áreas e volumes. 12.-Estatística descritiva. 13.-Probabilidade.	25 Abril de 2024
FINAL		30 Maio de 2024

### 3º de ESO

PARCIAL	CONTIDOS	DATAS EXAMES
1º	-Números reais: operacións, representacións, intervalos e semirrectas. Porcentaxes. Potencias e radicais. Interese simple e composto - Sentido da medida e espacial. Aplicación a problemas da vida real.	16 Novembro de 2023
2º	- Sucesións. Polinomios: Operacións. Regra de Ruffini. Identidades notables. Factorización. - Ecuacións de 1º grao, 2º grao, bicadradas, 3º grao, 4º grao. Racionais e radicais. Sistemas: de 2 ecuacións con 2 incógnitas lineais. Sistemas de 2 ecuacións con dúas incógnitas non-lineais -Resolución de problemas empregando ecuacións e sistemas	22 Febreiro de 2024
3º	-Funcións: definición. Estudo de funcións. Expresión analítica. Estudo de funcións lineais e cuadráticas. Ecuacións da recta. Posicións relativas de rectas. -Termos estatísticos, variables, frecuencias, tabulacións, gráficos e parámetros de centralización, dispersión e posición. - Experimentos aleatorios. Simples e compostos. Operacións e técnicas de reconto. Probabilidade dun suceso. Regra de Laplace. Probabilidade dun experimento composto	25 Abril de 2024
<b>FINAL</b>		30 Maio de 2024

### 1º Bacharelato de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais

PARCIAL	DATA	CONTIDOS
1º	2/11/23	- Funcións. Límites e continuidade - Fórmulas de derivación. Derivadas e interpretación xeométrica - Aplicacións, representación gráfica e optimización.
2º	13/12/23	- Variable Binomial e Normal - Probabilidade
3º	4/04/24	- Números reais. Operacións, radicais e logaritmos - Polinomios. Fraccións alxebraicas. Ecuacións, inecuacións e sistemas. - Funcións: elementais, logarítmicas, exponenciais, trigonométricas. Interpolación e extrapolación

Final	18/04/2024
-------	------------

**1º Bacharelato de Matemáticas I**

PARCIAL	DATA	CONTIDOS
1º	2/11/23	- Análise
2º	20/12/23	- Números reais - Números complexos - Álgebra
3º	4/04/24	- Trigonometría - Xeometría
Final	18/04/24	

**CONTIDOS DA PROBA DE MAIO:** os mesmos que nas probas parciais para os que teñen que recuperar unha delas, e toda a materia impartida no curso anterior para os que teñen que recuperar as tres probas.